

Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a empresa PROCONSI, SL, mediante o que se instrumentaliza a compensación á devandita empresa pola adaptación informática das máquinas canceladoras comercializadas por ela á integración dos códigos QR nas tarxetas TMG Xente Nova, no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

REUNIDOS

Dunha parte, **Ignacio Maestro Saavedra**, director xeral de Mobilidade, actuando por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo co establecido na Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG Núm. 179, do 20 de setembro).

Doutra parte, **Constantino Lázaro de la Osa**, con DNI número 12399251C, actuando en nome e representación da empresa PROCONSI, S.L. con CIF número B24208100, de acordo coa escritura pública de outorgamento de poder inscrita no rexistro mercantil de León.

As partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para formalizar este acordo, e, para tal efecto,

EXPOÑEN

1. A Xunta de Galicia, xunto coas administracións municipais das principais áreas urbanas de Galicia, puxo en marcha o Plan de transporte metropolitano de Galicia (PTMG), consistente nun conxunto de programas dirixidos a potenciar a utilización do transporte público colectivo, medidas que foron reforzadas a partir do ano 2016 coa implantación dunha tarifa específica dirixida ás persoas menores, naquel momento, de 19 anos, a tarifa Xente Nova.

Posteriormente, como consecuencia da aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG), xeneralizáronse ao conxunto da Comunidade Autónoma diferentes actuacións no ámbito das tarifas e bonificacións aplicables nos servizos públicos de transporte.





Entre estas actuacións, ampliouse tanto o abano de idades das persoas que se favoreceron pola tarifa *Xente Nova*, ao incluír á poboación abranguida entre os 4 e os 20 anos incluídos (Orde da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, do 18 de decembro de 2019; DOG nº 248, do 31 de decembro); e tamén se procedeu á extensión do ámbito de aplicación desta tarifa ao conxunto do territorio da Comunidade Autónoma (*Resolución do 6 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se culmina o procedemento de expansión do ámbito territorial de aplicación da tarifa específica XN ao conxunto do transporte público da competencia da Xunta de Galicia*; DOG núm. 93, do 20 de maio), de xeito que a tarifa *Xente Nova* xa é aplicable para calquera viaxe interurbana que se realice nos servizos públicos de transporte regular de uso xeral da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a xestión da dita tarifa *Xente Nova* é preciso a utilización dunha tarxeta moedeiro, prepagamento e nominativa, de tal forma que a persoa usuaria realiza o pagamento das viaxes por adiantado e, con posterioridade, a Xunta de Galicia reintégrralle o importe pagado.

Ademais, dada a aceptación e as vantaxes que para a mocidade representa esta tarifa *Xente Nova*, anualmente veuse acordando darlle continuidade ao seu prazo de vixencia; así, na actualidade, está vixente a *Resolución do 25 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se amplía o prazo de vixencia da tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia para o ano 2023* (DOG núm. 231, do 5 de decembro).

2. Dende o punto de vista técnico, o funcionamento dos programas do PTPG require da instalacións dunhas máquinas canceladoras a bordo dos medios de transporte que prestan os seus servizos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas máquinas canceladoras deben cumprir unha serie de especificacións técnicas para garantir a seguridade da remisión dos datos das colectas ao sistema informático de xestión (SITME) e á entidade colaboradora (actualmente ABANCA).

Con motivo da implantación do denominado Novo PTMG, no que se incorporou a tarxeta TMG, no ano 2010 levouse a cabo unha labor de adaptación das máquinas canceladoras empregadas polas concesións de servizos públicos de transporte de Galicia, sendo obxecto da súa



homologación por parte de ABANCA e dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia.

Actualmente, existen no mercado varias máquinas canceladoras homologadas para o seu funcionamento no PTPG, entre as que figura o equipamento desenvolvido por PROCONSI, SL.

3. As medidas promovidas pola administración autonómica dirixidas a mellorar a utilización do sistema de transporte público requiren de medios tecnolóxicos axeitados para a súa xestión, mais resulta esencial a constante evolución destes sistemas, para a fin de adaptalos á propia evolución da tecnoloxía e da súa utilización e aceptación por parte da poboación. Neste sentido, na actualidade a Xunta de Galicia pretende avanzar neste proceso mediante a *virtualización* da TMG *Xente Nova*, de xeito que non se habilite o pagamento directamente cun teléfono móbil e sen necesidade de adiantar o importe das viaxes, todo isto mediante a utilización un código QR e a súa lectura e procesamento polo sistema tecnolóxico.

A finalidade é ofrecer unha alternativa electrónica á tarxeta física para estender o uso da tarxeta TMG *Xente Nova*, evitando os desprazamentos dos usuarios ás sucursais bancarias para a súa recarga e a aceptación dos reintegros.

Para a implementación deste novo modelo de TMG *Xente Nova* “*virtual*”, será precisa unha adaptación das máquinas canceladoras utilizadas nos medios de transporte, adaptación que deben realizar as empresas comercializadoras das mesmas.

Tendo en conta a natureza deste proxecto, como iniciativa da Administración, e o seu interese na correcta e máis áxil implementación, e tendo en conta a obriga concesional de que os equipamentos de cancelación contén cun lector de códigos QR (*hardware*), a adaptación tecnolóxica a desenvolver afectará ao *software* que deberá utilizar a máquina e o propio lector, desenvolvemento que non se considera viable trasladar ás empresas concesionarias dos servizos públicos de transporte, polo que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé celebrará convenios coas empresas provedoras dos ditos equipamentos para a súa adaptación coa finalidade de que as máquinas canceladoras poidan procesar as cancelacións da TMG *Xente Nova* “*virtual*” a través da lectura e procesamento dun código QR





dinámico, e aplicar unha lóxica de negocio, asumindo o custo íntegro deste desenvolvemento.

4. Mediante o presente documento instrumentalízase a colaboración entre a empresa PROCONSI, SL, e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para o desenvolvemento do *software* aplicable en todas as máquinas canceladoras do Transporte Público de Galicia, comercializadas polo dito provedor, de xeito que integren as funcionalidades precisas para a xestión da nova TMG *Xente Nova* "virtual", con lectura de código QR.

Considerando o interese público concorrente na adaptación dos sistemas e a súa posta a disposición das empresas concesionarias dos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada do xeito máis áxil posible, prevese o convenio de colaboración como o instrumento máis axeitado.

Consonte co anterior, as administracións asinantes

ACORDAN

Asinar este convenio, e obrigarse reciprocamente ao seu cumprimento, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a adaptación informática das máquinas canceladoras comercializadas por PROCONSI, S.L., implantadas en servizos públicos de transporte regular de viaxeiros, mediante o desenvolvemento do *software* aplicable e requirido para a integración da funcionalidade de tarxetas TMG *Xente Nova* virtual con lectura e procesamento de códigos QR, no marco do Plan de Transporte Público de Galicia.

SEGUNDA. PRESTACIÓNS E FINANCIAMENTO

1. A empresa participante no presente convenio deberá realizar as seguintes prestacións:

1ª) Modificacións no *software* das máquinas canceladoras.





- Integración do lector de QR na lóxica do *software* de billeteaxe, lectura e interpretación dos datos do QR e validación básica.
- Validación criptográfica.
- Creación e uso da lista negra local.
- Función de anulación do pagamento con QR.
- Sinalética da operación.
- Tickets ao viaxeiro.
- Notificación de validacións de QR Xente Nova ao servidor do SAE particular.

2ª) Novas funcións a nivel do servidor do SAE particular.

- Recepción das operacións de QR desde as máquinas canceladoras.
- Comunicaci3ns ao API Xente Nova QR.
- Comunicaci3ns co SITME.

3ª) Probas e homologaci3ns.

4ª) Despregue da aplicaci3n e formaci3n dos operadores.

5ª) Todos os traballos precisos para a correcci3n de erros durante o prazo dun ano desde o despregamento da aplicaci3n, a3nda que estes erros non sexan responsabilidade da empresa participante no presente convenio.

2. O proceso de homologaci3n das empresas constar3 de d3as fases:

1ª) A fase de homologaci3n no laboratorio.

Facilitarase a PROCONSI, SL. unha versi3n de probas da APP de transporte p3blico de Galicia e un plan de probas que deber3 executar sobre unha m3quina adaptada nun entorno de laboratorio. Como resultado das devanditas probas deber3 remitir 3 Direcci3n Xeral de Mobilidade, dependente da Conseller3a de Infraestruturas e Mobilidade, o plan de probas cuberto, coas probas realizadas e o resultado das mesmas, as3 como unha colecta que integre as operaci3ns realizadas.

Unha vez revisados, se os resultados son satisfactorios realizar3ase o mesmo plan de probas con outros casos de proba diferentes.

2ª) Fase piloto.





Superada a fase inicial de homologación en laboratorio, para conseguir a homologación final será preciso completar unha fase piloto en dous autobuses nos que se realizarán validacións coa APP QR Xente Nova de produción. As operacións QR Xente Nova enviaranse a través do SITME en colectas v6 xunto co resto de operacións con TMG e en efectivo.

3. O prazo máximo para a superación do proceso de homologación completo é de ata seis meses, debendo rematar, en todo caso, **non máis tarde do 23 de decembro de 2023**.

4. Polos traballos de adaptación das máquinas canceladoras indicadas, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade comprométese a abonar á empresa participante no presente convenio o importe do gasto no que incorrese para a realización dos desenvolvementos que se prevén no presente convenio, ata o máximo de **trinta e tres mil trescentos noventa e seis euros (33.396 €), IVE incluído**, que será financiado con cargo á aplicación orzamentaria 2023.09.02.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2023.

5. Os importes correspondentes aos desenvolvementos que se prevén nesta cláusula, que teñen o carácter de máximos, serán abonados por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade logo de que por parte da empresa participante no convenio se certifique a súa completa realización e se achegue a xustificación do correspondente gasto, incluído, no seu caso, o gasto no que se incorrera con medios propios, certificación e xustificación que terá que ser remitida á Dirección Xeral de Mobilidade non máis tarde do **23 de decembro de 2023**.

TERCEIRA. OUTROS REQUISITOS

As especificacións técnicas e os desenvolvementos a implementar recóllense no anexo I do presente convenio. Pola súa parte, no anexo II especificase o novo formato de colecta v.6.

A dita información incorpórase para efectos informativos, debendo estar para a execución dos traballos de desenvolvemento e adaptación, en todo caso, á resultante dos documentos técnicos elaborados por AMTEGA e comunicados á entidade comercializadora parte neste convenio.



CUARTA. VIXENCIA

Este convenio terá vixencia durante un ano a contar desde a súa formalización.

En calquera momento antes da finalización do indicado prazo, as partes poderán acordar a súa prórroga por un período dun ano mediante a sinatura do correspondente acordo.

Non obstante, calquera das partes poderá desistir do convenio comunicándoo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima de tres meses.

QUINTA. OBRIGAS DAS PARTES E DEBER DE CONFIDENCIALIDADE

1. A empresa participante no presente convenio deberá presentar a certificación do proceso de homologación realizado, sendo preciso que se poida verificar pola Dirección Xeral de Mobilidade ou, por indicación desta, pola AMTEGA, que se levou a cabo. Na certificación deberán comprometerse a actualizar o software de todas as máquinas canceladoras do Transporte Público de Galicia subministradas pola dita entidade comercializadora, sen custo ningún para as empresas operadoras, co sistema de *software* preciso para a integración do lector de código QR na lóxica do *software* de billeteaxe, lectura e interpretación dos datos do QR e a validación, nos termos indicados nos anexos deste convenio e, no seu caso, nos documentos técnicos que lle teñan sido facilitados por parte da AMTEGA.

A dita certificación **presentarase, a máis tardar, o 23 de decembro de 2023**, xunto con tanta documentación resulte precisa para o pagamento do importe previsto nos apartados cuarto e quinto da cláusula segunda deste convenio.

2. PROCONSI, SL, comprométese a formar aos operadores e a realizar todos os traballos necesarios para a corrección de erros que afecten á operativa dos desenvolvementos que son obxecto deste convenio, durante o prazo dun ano desde o despregue da aplicación, aínda que estes erros non sexan responsabilidade de PROCONSI, S.L.

3. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade comprométese ao pagamento do importe máximo indicado na cláusula segunda, unha vez superado o proceso de homologación pola empresa participante no presente





convenio, e trala presentación da certificación e xustificación esixida no apartado 1 da presente cláusula, e na mencionada cláusula segunda.

4. Cada unha das partes comprométese a cumprir, no ámbito de execución do presente Convenio, coas obrigas e deberes que respectivamente lles correspondan, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, "RXPD"), así coma na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, "LOPDXDD") e en calquera normas aplicables ou que no futuro poidan promulgarse en desenvolvemento da anterior.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha comisión mixta de seguimento deste convenio, á que serán sometidas as cuestións que expresamente se prevén no mesmo así como aquelas outras que deriven do desenvolvemento deste acordo aínda que non estean expresamente recollidas nel, así como aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está composta por:

- Pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o director xeral de Mobilidade ou a persoa en quen delegue, que a preside.
- Por PROCONSI, SL, Constantino Lázaro de la Osa, ou persoa en quen delegue.
- Actuará como secretario ou secretaria unha ou un funcionario da Dirección Xeral de Mobilidade.

A persoa representante de PROCONSI, SL. poderá ser substituída por quen deteña a representación legal da dita empresa, previa comunicación formal da dita substitución á secretaría da dita comisión.

SÉTIMA. NATUREZA XURÍDICA E NORMATIVA APLICABLE

Este convenio atópase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os



principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este convenio rexerá polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

OITAVA. RELACIÓNS COA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

A subscrición do convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto daquel e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos ocorridos durante o seu cumprimento.

NOVENA. TRANSPARENCIA E PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa aplicable, e as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Este convenio poderase resolver por calquera das seguintes causas:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas reguladoras. Para estes efectos, calquera das partes poderá denunciar por escrito o convenio, trasladándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para a resolución.
- b) O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- c) O acordo das partes asinantes.





E para que conste, en proba de conformidade, os comparecentes asinan dixitalmente este convenio na data indicada nas correspondentes sinaturas dixitais.

Pola Consellería de Infraestruturas e
Mobilidade

PD (Orde do 07/09/2017; DOG Núm. 179, do 20 de setembro)

Por PROCONSI, S.L.

Constantino Lázaro de la Osa

Ignacio Maestro Saavedra

ANEXO I

Documento de especificacións técnicas



QR XENTE NOVA

Integración provedores expendedoras

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa AMTEGA e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa AMTEGA.



1. Alcance

O presente documento identifica o conxunto de especificacións a cumprir para que os provedores de expendedoras do Transporte Público de Galicia se poida integrar no sistema QR XenteNova.

2. Introducción

A tarxeta Xente Nova é unha tarxeta física propiedade de Amtega e Abanca coa mesma estrutura interna que a tarxeta TMG. O seu uso está acoutado a menores de 21 anos, debendo a persoa usuaria acudir a Abanca para solicitar a tarxeta de transporte de Galicia e, se cumpre a condición de ser menor de 21 anos, Abanca facilítalle a tarxeta Xente Nova en lugar da tarxeta TMG.

O seu funcionamento é idéntico ao da tarxeta TMG coa excepción de que a Xunta de Galicia, a través de Abanca, abona os billetes previamente pagados pola persoa usuaria; o dito aboamento efectúase mediante unha recarga que a persoa usuaria pode facer efectiva nun caixeiro na segunda quincena posterior á da viaxe (postpago de Abanca á persoa usuaria). É dicir, a persoa usuaria debe validar a tarxeta Xente Nova nas máquinas expendedoras homologadas por Abanca /Amtega sempre e cando teña saldo, xa que na validación descóntaselle o importe de forma idéntica á tarxeta TMG.

O Sitme, pola súa banda, ao recibir nas colectas as operacións procedentes dos sistemas de ticketing das empresas concesionarias calcula o importe abonado pola persoa usuaria, trasládallo á Dirección Xeral de Mobilidade que, a través de ABANCA pon ao dispor da persoa usuaria a recarga correspondente nun caixeiro automático, devolvéndolle así o importe previamente abonado por ela.



Tarxeta física Xente Nova





3. Integración no sistema XenteNOVA QR

3.1. Consideracións previas

Neste apartado inclúese aquela información que deba coñecerse de antemán.

3.1.1. Formato data-hora

Todas as data-hora son UTC, cada dispositivo débea transformar á zona horaria que teña configurado. O formato co que se compón a data e hora é o seguinte:

32 bits, en orden de esquerda a derecha.

A	A	A	A	A	A	M	M	M	M	D	D	D	D	D	H
H	H	H	H	N	N	N	N	N	N	S	S	S	S	S	S

A – Ano (6 bits): este valor son os anos transcorridos dende o ano 2000.

M – Mes (4 bits)

D – Día (5 bits)

H – Hora (5 bits)

N – Minutos (6 bits)

S – Segundos (6 bits)

Exemplo. De hexadecimal a data ->594AF790 = 05/05/2022 15:30:16

3.2. Definición do QR

A APP xera un QR como pode ser o seguinte:



Este QR ten unha lonxitude de 228 bytes e está en formato base64. Disto dedúcese que unha primeira comprobación do QR lido é dita lonxitude e formato, xa que a codificación base64 só admite os seguintes caracteres: a-z, A-Z, 0-9, +, = y /. Decodificando base64, obtense o seguinte:





BASE64:

AAEAAACPAAAAAwEAAABsAAABBB1yiAABco277AAEAtAABF9m07ZMhkkETmliDtn9
nhyFA6kIIlp3D2ZKqg4QZ4ZEa8yxQVJhmuTKnK8Gy6JchwsqCvdn7vCD7x4gDbNve
KT/wq7E4RbWSCZ+vEe9g2lwtXXOBtUpr3WSxiDtDst1kt8z8TXCvui+KDnQUAyV/Kof
7N7ELmTYdczE0dvW6NdU2KXGXIUzmzRQ==

HEX:

00010000008F00000003010000006C000001075CA200005CA36EFB000100B400
0117D9B4ED9321924113988883B67F67872140EA42252E9DC3D992AA838419E1911A
F32C50549866B932A72BC1B2E89721C2CA82BDD9FBBC20FBC788036CD55E293FF0
ABB13845B592099FAF11EF60DÁ5C2D5D7381B54A6BDD64B1883B43B2DD64B7CCF
C4D70AFBA2F8A0E741403257F2A87FB37B10B99361D73313476F5BA35D536297197
9549B345

Morado = Parte estática do QR (33 bytes).

Azul = Parte de autenticación do QR (128 bytes).

Verde = Parte dinámica do QR (8 bytes).

Campo	Bits	Rango	Valor exemplo (HEXA)
Parte estática			
Versión QR	8	0-255	00
Tipo QR	8	0-255	01
Identificador QR	32	0-FFFFFFFF	0000008F
Identificador conta	32	0-FFFFFFFF	00000003
Tipo orixe e destino	8	0-255	01
Orixe	32	0-FFFFFFFF	0000006C
Destino	32	0-FFFFFFFF	00000107
Data-hora de inicio de validez	32	0-FFFFFFFF	5CA20000
Data-hora de remate de validez	32	0-FFFFFFFF	5CA36EFB
Saldo	16	0-65535	0001
Validez dinámica (en segundos)	16	0-65535	00B4
IDE clave asina	16	0-65535	0001





Parte de autenticación			
Sinatura	1024		17D9B4ED9321924113988883B67F67872140EA 42252E9DC3D992AA838419E1911AF32C50549 866B932A72BC1B2E89721C2CA82BDD9FBBC2 0FBC788036CD55E293FF0ABB13845B592099F AF11EF60DÁ5C2D5D7381B54A6BDD64B1883B 43B2DD64B7CCFC4D70AFBA2F8A0E74140325 7F2A87FB37B10B99361D73313476F5BA35D5
Parte dinámica			
Data-hora xeración/refresco	64	0- FFFFFFFFFFFF FFFF	362971979549B345

3.3. Parte estática do QR

A parte estática do QR é a parte na que os datos son fixos relativos á viaxe e non poden cambiar.

- **Versión QR:** Chegará sempre 00.
- **Tipo QR:** Chegará sempre 01.
- **Identificador QR:** identificador único para cada código QR.
- **Tipo orixe e destino:** Chegará sempre 01, que significa "concello".
- **Orixe:** Se tipo orixe e destino é 01, é código de concello orixe do Sitme.
- **Destino:** Se tipo orixe e destino é 01, é código de concello destino do Sitme.
- **Data e hora de inicio de validez:** data-hora a partir da cal se pode validar o QR.
- **Data e hora de remate de validez:** data-hora a partir da cal xa non se pode validar o QR.
- **Saldo:** Número de viaxes dispoñibles na conta do usuario.
- **Validez dinámica:** indica o número de segundos que faltan ata o usuario deba rexenerar o QR na APP coa data e hora da parte dinámica actualizada.
- **ID clave asina:** Identificador que indica a clave para utilizar para verificar a sinatura.

3.4. Parte de autenticación do QR



A parte de autenticación do QR serve para verificar a autenticidade do QR

- **Sinatura:** é o hash SHA-256 da parte estática do QR, encriptado usando RSA. No apartado do proceso de autenticación do QR explícase con detalle.

3.5. Parte dinámica do QR

Contén data-hora de xeración do QR encriptada con TDES. No apartado do proceso de autenticación do QR explícase con detalle.

- **Data-hora de xeración/refresco do QR:** data-hora na que se xerou/refrescou o QR.

3.6. Notificación de validacións.

As validacións comunicaranse ao backoffice sempre o antes posible, para que a conta do usuario se actualice no menor tempo posible; para iso habílanse tres vías para notificar a realización dunha validación:

- Notificación dunha validación en tempo real, ou quasi tempo real a través do backoffice do provedor/empresa de transporte. (Con política de reintentos)
- Notificación de varias validacións desde o backoffice do provedor/empresa de transporte.
- Notificación de validacións a través do Sitme. (Impleménteo ao Sitme tras procesar as colectas).

Nótese que, no caso de non ter conexión desde a expendedora coa API, o QR (validación offline) débese dar por válido se cumpre as condicións de validación na expendedora e notificarase a posteriori ao sistema QR XenteNova (política de reintentos na expendedora), e a través do backoffice da empresa de transporte e a través do Sitme (consolidación da operación).

4. Notificación de operacións a API XenteNova

4.1. Notificación desde a expendedora

As operacións con QR realizadas nas expendedoras hanse de remitir en tempo real (permítese pasar polo backoffice do provedor/empresa de transporte) á API Rest XenteNOVA QR para o seu procesado e actualización das contas de usuario.





As chamadas á API realízanse mediante usuario e contrasinal que subministrará o equipo de soporte do proxecto na Amtega. A url á que notificar o resultado da operación con QR realizadas nas expendedoras (validación/anulación/erros) será subministrado polo equipo de soporte do proxecto na Amtega.

Para realizar unha chamada á API, é necesario autenticarse seguindo o estándar JWT, para obter un *token* valido hai que realizar unha chamada ao *endpoint* `/api/Login/authenticate` indicando no corpo da petición o usuario e contrasinal, en formato JSON:

```
{
  "username": "string",
  "password": "string"
}
```

Débese establecer unha política de reintentos na expendedora para que, no caso de problemas de comunicación (falta de cobertura), se envíe a notificación de que un QR se validou o antes posible ao recuperar a cobertura.

O obxectivo desta notificación en tempo real desde a expendedora (ou en tempo real pasando polo backoffice do provedor da expendedora) é que o backoffice de XenteNova QR este informado o antes posible de que se realizou a validación do QR.

O formato do método para notificar as validacións está recollido na seguinte táboa:

Parámetros ao método da API para enviar validación QR





Notificar operacións QR			
Endpoint	POST /api/Qr/validation		
Parámetros do DTO petición	Nome	Tipo	Descrición
	IdQr	int	Identificador único de cada código QR. Dato do QR
	IdAccount	int	Identificador único de cada conta de usuario que utiliza o QR. Dato do QR.
	IdProvider	int	Identificador do provedor de expendedoras desde o que se realiza a validación do QR. Neste campo ponse o identificador do provedor (GMV, Olton, Proconsi e IST) que está a notificar a validación do QR.
	IsRealTime	boolean	Flag para indicar se a transacción é en tempo real, é dicir, se se está enviando esta transacción no momento no que se validou o QR. Provedores de expendedoras cubrir con True.
	IdEquipment	int	Identificador do equipo que realiza a validación. Nº de serie expendedora.
	TicketSerialNumber	String	Nº de serie do billete validado ou anulado. Ej. AA12345. Dato expendedora.
	OperationDateTime	DateTime	Data e hora da validación/anulación/transbordo. Ej: 2022-09-01T15:09:29. Dato expendedora.
	IdFare	int	Identificador da tarifa. N/A. Cubrir con 0.
	Price	int	Prezo do billete equivalente TMG. Neste caso ten dous decimais implícitos no valor. Por exemplo , para 1,5 € represéntase en enteiro como 150, con dous decimais implícitos á dereita. Dato expendedora.
	IdRoute	int	Identificador da liña de autobús onde se realizou a operación. Id_Linea Sitme. Dato expendedora.
	IdLine	int	Identificador do traxecto de autobús onde se realizou a operación. IdRutaSitme*10+Sentido. Dato expendedora.
	IdExpedition	int	Identificador da expedición onde se realizou a operación. Id_Expedicion Sitme. Dato expendedora.
	IdVehicle	string	Identificador do vehículo onde se realizou a operación (Matricula) Dato expendedora.





	IdDriver	int	Código do condutor no que se realizou a operación. Dato expendedora.
	IdOriginStop	int	Identificador da parada onde se realizou a operación. Id_paradaSitme. Dato expendedora.
	IdOrigin	int	Identificador da orixe, que non é parada, onde se realizou a operación. Neste caso trátase do identificador do Sitme do concello orixe. Dato expendedora.
	IdDestinationStop	int	IdparadaSitme. Dato expendedora. Identificador da parada destino, que sería a última parada do traxecto onde se realizou a operación.
	IdDestination	int	Identificador do destino. Neste caso trátase do identificador do Sitme do concello destino. Dato expendedora.
	OperationType	int	Identificador do tipo de operación. 1 – Validación de QR 25 – Anulación de validación 100 – Erro Dato expendedora.
	OperationResult	int	Identificador do resultado da operación. 0 – Validación OK 1 – QR caducado 2 – QR Passback 3 – QR erro Orixe-Destino 4 – QR erro formato Dato expendedora.
	Signature	String	Sinatura do QR. É un valor de 128 bytes, polo que se pasa como String representando a cadea de bytes en hexadecimal. Dato QR



Exemplo de
notificación de
QR validado
correctamente
en
expendedora

```
{
  "idQr": 28,
  "idAccount": 1,
  "idProvider": 1,
  "isRealTime": true,
  "idEquipment": 6555,
  "ticketSerialNumber": "string",
  "operationDateTime": "2022-09-01T15:09:29",
  "idFare": 0,
  "price": 88,
  "idRoute": 1524,
  "idLine": 11,
  "idExpedition": 99584,
  "idVehicle": "1255LDB",
  "idDriver": 1,
  "idOriginStop": 257,
  "idOrigin": 1,
  "idDestinationStop": 38764,
  "idDestination": 108,
  "operationType": 1,
  "operationResult": 0,
  "signature":
    "1CEC8A9C9752D10A72D55EC2A3A8B5E414AAE2ED6597964E77251DC21764BC35EBBC6C
    7FD2F2BFC515564D9A4AA76BC54AFE0C64091881027F8E17CFD580945E5475259CE2F570
    668A12D856FC25C05C8EED96DÁ3F03FEC49C591B670075F3327CA13F33ED00289F251840
    20E25E8027C1FC5CAB6B8A3A7CA7ECB298503E"
}
```

4.1.1. Respostas da API á notificación dunha validación

Nunha primeira etapa do proxecto a API devolverá tres posibles códigos (http):

- 200- Notificación do QR OK.
- 204- O idQR non existe / Erro.
- 502- Servizo QR caído

En fases posteriores, é previsible que na API analice todos os campos notificados polas expendedoras na chamada á API en tempo real para dar a notificación como válida. (Por exemplo , revisión do concello orixe/destino erróneo para o idQR notificado).

4.2. Notificación desde o backoffice da empresa de transporte

O proveedor de expendedoras debe notificar as validacións de QR que se realizaron nas expendedoras desde o seu backoffice (ou o backoffice subministrado polo proveedor de expendedoras á empresa de transporte) a XenteNova QR.

O obxectivo desta notificación é que XenteNova QR teña as validacións de QR por outro método alternativo ademais de en tempo real.

O backoffice das empresas de transporte realizará un agrupamento das validacións de QR da xornada por expendedora e liquidación (*json*) e enviaraas ao backoffice de XenteNova QR comprimidos en .zip.

Os parámetros a comunicar serán:





Cabeceira:

idFicheiro	string	idProvedor-IdMaquina+idliquidacion. Exemplo: 01-6580-AA0025
Data de xeración.	DateTime	Data na que se xerou a listaxe

Lista de obxecto validación QR

IdQr	int	Identificador único de cada código QR. Dato do QR
IdAccount	int	Identificador único de cada conta de usuario que utiliza o QR. Dato do QR.
IdProvider	int	Identificador do provedor de expendedoras desde o que se realiza a validación do QR. Neste campo ponse o identificador do provedor (GMV, Olton, Proconsi e IST) que está a notificar a validación do QR.
IsRealTime	boolean	Flag para indicar se a transacción é en tempo real, é dicir, se se está enviando esta transacción no momento no que se validou o QR. Provedores de expendedoras cubrir con True.
IdEquipment	int	Identificador do equipo que realiza a validación. Nº de serie expendedora.
TicketSerialNumber	String	Nº de serie do billete validado ou anulado. Ej. AA12345. Dato expendedora.
OperationDateTime	DateTime	Data e hora da validación/anulación/transbordo. Ej: 2022-09-01T15:09:29. Dato expendedora.
IdFare	int	Identificador da tarifa. N/A. Cubrir con 0.
Price	int	Prezo do billete equivalente TMG. Neste caso ten dous decimais implícitos no valor. Por exemplo, para 1,5 € represéntase en enteiro como 150, con dous decimais implícitos á dereita. Dato expendedora.
IdRoute	int	Identificador da liña de autobús onde se realizou a operación. Ide_Linea Sitme. Dato expendedora.





IdLine	int	Identificador do traxecto de autobús onde se realizou a operación. IdRutaSitme*10+Sentido. Dato expendedora.
IdExpedition	int	Identificador da expedición onde se realizou a operación. Id_Expedicion Sitme. Dato expendedora.
IdVehicle	string	Identificador do vehículo onde se realizou a operación (Matricula) Dato expendedora.
IdDriver	int	Codigo do condutor no que se realizou a operación. Dato expendedora.
IdOriginStop	int	Identificador da parada onde se realizou a operación. Id_paradaSitme. Dato expendedora.
IdOrigin	int	Identificador da orixe, que non é parada, onde se realizou a operación. Neste caso trátase do identificador do Sitme do concello orixe. Dato expendedora.
IdDestinationStop	int	Identificador da parada destino, que sería a última parada do traxecto onde se realizou a operación. IdparadaSitme. Dato expendedora.
IdDestination	int	Identificador do destino. Neste caso trátase do identificador do Sitme do concello destino. Dato expendedora.
OperationType	int	Identificador do tipo de operación. 1 – Validación de QR 25 – Anulación de validación 100 – Erro Dato expendedora.
OperationResult	int	Identificador do resultado da operación. 0 – Validación OK 1 – QR caducado 2 – QR Passback 3 – QR erro Orixe-Destino 4 – QR erro formato Dato expendedora.
Signature	String	Sinatura do QR. É un valor de 128 bytes, polo que se pasa como String representando a cadea de bytes en hexadecimal. Dato QR





Exemplo do contido do ficheiro listado de validacións de QR

```
{
  "idFicheiro": "01-6555-AA0025",
  "dataXeración": "2022-09-01T15:09:29",
  [
    {
      "idQr": 28,
      "idAccount": 1,
      "idProvider": 1,
      "isRealTime": false,
      "idEquipment": 6555,
      "ticketSerialNumber": "string",
      "operationDateTime": "2022-09-01T15:09:29",
      "idFare": 0,
      "price": 88,
      "idRoute": 1524,
      "idLine": 11,
      "idExpedition": 99584,
      "idVehicle": "1255LDB",
      "idDriver": 1,
      "idOriginStop": 257,
      "idOrigin": 1,
      "idDestinationStop": 38764,
      "idDestination": 108,
      "operationType": 1,
      "operationResult": 0,
      "signature":
        "1CEC8A9C9752D10A72D55EC2A3A8B5E414AAE2ED6597964E77251DC2176
        4BC35EBBC6C97FD2F2BFC515564D9A4AA76BC54AFE0C64091881027F8E17
        CFD580945E5475259CE2F57CD668A12D856FC25C05C8EED96DÁ3F03FEC4
        9C591B670075F3327CA13F33ED00289F2518406E20E25E8027C1FC5CAB6B8
        A3A7CA 7ECB298503E"
    }
  ]
}
```





```
"operationDateTime": "2022-09-01T15:19:29",
"idFare": 0,
"price": 88,
"idRoute": 1524,
"idLine": 11,
"idExpedition": 99584,
"idVehicle": "1255LDB",
"idDriver": 1,
"idOriginStop": 257,
"idOrigin": 1,
"idDestinationStop": 38764,
"idDestination": 108,
"operationType": 1,
"operationResult": 0,
